



FEDERACION GALEGA DE XADREZ REXISTRO XERAL	
ENTRADA n.º	36
SAIDA n.º	
DATA	27 / 06 / 2022



En Santiago de Compostela, a 22 de Xuño de 2022, reunido o Comité Galego de Xustiza Deportiva en sesión plenaria o día da data resolveu o expediente núm. 68/22

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O 24/05/2022 D. Arián González Pérez, en calidade de Gran Mestre Internacional de Xadrez, con Licenza Federativa 11752 presenta, con entrada no rexistro do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 25/05/22, un recurso electoral en base ás seguintes alegacións:

PRIMEIRO.- Na páxina web da Federación Galega de Xadrez (en adiante FEGAXA), se realizou a convocatoria da Asamblea Xeral Extraordinaria, mediante a publicación dun documento de convocatoria de data 6/05/22, coa seguinte orde do día:

- 1.- Regulamento Electoral, calendario electoral estimado. Aprobación, se procede
- 2.- Autorizar á Xunta Directiva para adoptar as modificacións de SXD
- 3.- Eleccións da Xunta Electoral"

Achega copia da convocatoria

SEGUNDO.- En data 17/05/22, solicitou á FEGAXA, mediante correo electrónico, o Proxecto do Regulamento Electoral 2022, tendo en conta que xa existía o documento de convocatoria para a súa aprobación. Sen embargo a súa solicitude foi desestimada cun



silencio negativo, ó non recibir resposta a súa petición.

Achega correo electrónico de data 17/05/22.

TERCEIRO.- Denuncia que ata o 23 de maio do 2022 non se fixo público o Regulamento electoral. O proxecto electoral nunca foi publicado, nos termos nos que se obriga de forma imperativa polo art. 17.1 do Decreto 16/18 de 15 de febreiro. Transcribe o artigo e concreto apartado.

CUARTO.- Despois da convocatoria da Asamablea Xeral Extraordinaria do día 6/05/22 o solicitante realizou varias capturas de pantalla e fotos da páxina web da FEGAXA coa intención de demostrar que no se estaba a publicar, nin se publicou, o Proxecto de Regulamento electoral, e tempouco se lle enviou despois de solicitalo. O Proxecto non foi publicado con dez días hábiles de antelación previos á reunión e aprobación do meso pola Asambleta.

Achega captura de pantalla e foto do 19/05/22 coa que amosa que o Proxecto de Regulamento nunca foi publicado na web ata pasada a Asambleta Extraordinaria do 23/05/22.

QUINTO.- Invoca os fundamentos xurídicos que considera de aplicación, e solicita que se anule o acordó da FEGAXA polo que se aproba o Regulamento Electoral 2022-2026, por falta de requisito da súa publicación previa á súa aprobación na páxina web e que, unha vez anulado, se retrotraigan as actuacións ó inicio, no que terá lugar a súa publicación con antelación mínima de dez días hábiles, e continuación do procedemento coa futura convocatoria da Asambleta Xeral da Federación.

II.- Á vista do escrito presentado, este Comité, na súa reunión de data 31 de maio de 2022, acordou a admisión a trámite do recurso e dar traslado á Federación. Así mesmo, acordou aplicar ó procedemento a tramitación de urxencia



conforme ó artigo 33 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, polo que se reduciron a metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

III.- Mediante escrito de data 7/06/22 a FEGAXA presentou escrito de alegacións, escrito no que en síntese, refería:

- Que dacordo cos estatutos federarativos, demais decretos, ordes e normas emitidas pola Secretaría Xeral para o Deporte que regulan os procesos electorais, a Asamblea Xeral Extraordinaria foi convocada en tempo e forma, notificando a devandita convocatoria a tódolos assembleístas, e que foi publicacada na páxina web. Toda a documentación foi trasladada ós assembleístas.
- Nin o recorrente nin o seu club son assembleístas, por ilo non se lle traslada a documentación. Na páxina web se publican todas as actas e resolucións de xuntas e assembleas.
- A Federación, a esta data, non ten convocadas as eleccións, como se ve no calendario provisional (rexistrado na web www.fegaxa.org), está previsto para o vindeiro día 11 de xullo, onde se publicarán na web, dentro do proceso electoral o calendario, censo provisional e regulamento (unha vez aprobado pola Secretaría Xeral- SXD), entrando en funcionamento a xunta electoral e se poderán facer os recursos pertinentes aos mesmos según márcase no calendario electoral"
- Estiman, polo tanto, que non procede o recurso, por ter actuado conforme ás normas. A assemblea desenrolouse con normalidade, léndose na mesma o regulamento que ía ser aprobado. Achegan a acta da Asamblea.

Foi relatora dona Beatriz Seijo Méndez.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Competencia do Comité Galego de Xustiza Deportiva

Conforme ó disposto no artigo 17.5 do Decreto 16/2018 de 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos reglamentos electorais que deben rexir a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas: (...) "*se podrá impugnar ante el Comité Gallego de Justicia Deportiva la convocatoria de la asamblea general y la adopción del acuerdo por el que se aprueba el reglamento electoral según sus respectivos estatutos. En ningún caso se podrá impugnar ante el Comité Gallego Justicia Deportiva el contenido del Reglamento*"

Os recursos se refiren a posibles defectos na convocatoria da Asamblea pola que foi aprobado o Regulamento Electoral, polo tanto, conforme d arito 17.5, o Comité Galego de Xustiza Deportiva é competente.

SEGUNDO.- Legitimación

Os recorrente está lexitimado para a impugnación da convocatoria, segundo o art. 56 do Decreto 120/13 de 24 de xulio polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

TERCEIRO.- Temporalidade do recurso

Os recursos foron interposto en prazo.

CUARTO.- Obxecto e pretensións dos recursos



No recurso se solicita que se anule a assemblea xeral extraordinaria celebrada o día 21.05.2022, así como o aprobado nela, por terse realizado sen axustarse a dereito, conforme ó indicado no Decreto 16/2018 de 15 de febreiro e modificado polo Decreto 171/2021 de 23 de decembro

QUINTO.- Formulación do recurso e informe da Federación Galega de Xadrez.

A FEGAXA efectuou alegacións nas que, en síntese, sinalaba que a convocatoria e celebración da Asamblea do día 21/05/22 se fixo segundo ás normas, nos concretos termos nos que indicamos no apartado Segundo da sección fáctica desta resolución.

SEXTO.- Consideracións do Comité Galego de Xustiza Deportiva

En efecto, no artigo 17. 1 do Decreto 16/2018 de 15 de febrero, polo que se aprobaban as bases e criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexir a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171,2021 de 23 de decembro, ven regulado o procedemento que se refire á convocatoria da Asamblea na que terá que ser aprobado o regulamento electoral

*" El reglamento electoral deberá ser aprobado por la asamblea general convocada al efecto Esta asamblea general deberá ser convocada con un plazo de antelación mínimo de diez días hábiles y el proyecto de reglamento electoral se les notificara a todas las personas assembleístas con esa antelación **y será publicado de manera destacada en la página web de la federación deportiva en la sección "procesos electorales"** con la finalidad de que puedan formular las alegaciones que consideren convenientes "*



Isto é, os requisitos son:

- A celebración dunha Asamblea Xeral convocada ó efecto.
- Cun prazo de antelación mínimo de dez días hábiles
- Notificando a tódolos assembleístas o proxecto de regulamento, con esa mesma antelación
- O proxecto tamén tera que ser publicado de xeito destacado na páxina web da federación deportiva, na sección "procesos electorais", coa finalidade de que se poidan formular as alegacións que se consideren pertinentes

Segundo o escrito remitido pola Federación foi efectuada convocatoria da Asamblea, remitida en data 6/05/22 a tódolos assembleístas, coa seguinte orde do día:

- 1.- Regulamento Electoral, calendario electoral estimado. Aprobación, se procede.
- 2.- Autorizar á Xunta Directiva para adoptar as modificacións da SXD.
- 3.- Eleccións da Xunta Electoral"

Toda a documentación foi trasladada ós assembleístas con anterioridade ó día 21 de maio.

Sen embargo, a Federación no seu escrito literalmente di:

"A Federación, a esta data, non ten convocadas as eleccións, como se ve no calendario provisional (rexistrado na web www.fegaxa.org), está previsto para o vindeiro día 11 de xullo, onde se publicarán na web, dentro do proceso electoral o calendario, censo provisional e regulamento (unha vez aprobado pola Secretaría Xeral- SXD), entrando en funcionamento a xunta electoral e se



poderán facer os recursos pertinentes aos mesmos según márcase no calendario electoral”

Non indica, por tanto, que fose publicado o proxecto de xeito destacado na páxina web da federación deportiva de Xadrez, na sección "procesos electorais", atendendo á finalidade que latexa na norma: transparencia, difusión e que se poidesen formular as alegacións que se considerasen pertinentes, nos termos que esixe o devandito art. 17.

Non se cumpriron, por tanto, as esixencias contidas no art. 17.1 do Decreto, posto que non consta que a documentación fose publicada na páxina web da Federación deportiva, para maior difusión.

Non se pode colmar a exisencia regulada, únicamente, coa remisión da documentación ós Asambleístas. O artigo 17 é claro nese senso, e non da lugar a interpretación ambiguas no tocante a obrigatoriedade de publica-lo proxecto de regulamento nun momento anterior á celebración da Asamblea (10 días de antelación) e non, como indica a Federación, trala aprobación do Regulamento polo Secretaría Xeral para o Deporte.

Incumprindo requisitos esenciais de convocatoria, a Asamblea non foi convocada conforme a dereito.

Polo exposto,

O PLENO DO COMITE RESOLVE: ESTIMAR o recurso interposto por Don Arián González Pérez e, polo tanto, declarar que a Asamblea de 21/05/22 foi celebrada sen



cumprir cos requisitos de convocatoria legalmente establecidos, polo que dita Asamblea ten que ser anulada, así como os acordos adoptados nela.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, segundo se regula no art. 63.7 do Decreto 120/2013 de 24 de xullo polo que se aproba o regulamente do Comité Galego de Xustiza Deportiva, pódese interpoñer recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da notificación ou publicación da mesma.

Domingo Bello Janeiro secretario en funcións do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICA:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2022 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento

En Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2022.